



R lanza un programa para acompañar e asesorar as empresas na procura e obtención de axudas tecnolóxicas

- *Os xestores de R Empresas detectan que os/as responsables empresariais descoñecen a posibilidade de obter axudas dende distintos organismos para os seus proxectos tecnolóxicos.*
- *O novo servizo realiza as funcións que as pemes, por si soas, non son quen de atender, e baséase nun acompañamento integral dende a formulación do proxecto e a súa implementación ata a obtención e xustificación da axuda.*
- *Esta iniciativa forma parte do rol asesor de R como aliada no proceso de transformación dixital das empresas.*
- *O Grupo Euskaltel, do que R forma parte, conta coa alianza, como socia tecnolóxica, de Merkatu, consultora especializada en estratexia dixital, márketing e tecnoloxía, para acompañar as organizacións nos procesos de transformación dixital.*

Martes, 3 de novembro de 2020.- R Empresas lanzou un programa para axudar ás compañías galegas na procura de axudas tecnolóxicas e incentivos económicos dos que poidan beneficiarse para levar a cabo os proxectos que acometen conxuntamente. Trátase dun servizo integral que vai dende a procura ata a xestión e o acompañamento na tramitación de subvencións públicas e axudas tecnolóxicas que xorden habitualmente desde distintas entidades e administracións públicas.

O **Programa de Aproveitamento de Axudas Tecnolóxicas** xurdiu do labor de escoita que realizan as e os profesionais de R Empresas nas súas visitas ás compañías clientes e no seu seguimento. Froito dese labor detectaron, en gran parte de responsables empresariais, o descoñecemento de que os seus investimentos en tecnoloxías poden recibir axudas de distintos organismos.

A necesidade de estar ao día das axudas tecnolóxicas e subvencións que puidesen aplicar ás súas empresas é un aspecto moitas veces esquecido. Ademais, outro dos problemas co que se atopan, sobre todo as pemes, é a dificultade que teñen para facer seguimento das convocatorias, así como a ausencia de recursos para realizar as tarefas administrativas que levan consigo.

Por todo iso, o servizo que lanza agora **R Empresas** realiza as funcións que as pemes, por si soas, non poden atender. De feito, o programa baséase nun **acompañamento integral** durante todo o proceso, dende a formulación do proxecto e a súa implementación ata a obtención e xustificación da subvención.

Para iso, os xestores de **R Empresas** estudan cada caso e **seleccionan as subvencións**, tanto as que xorden dende os concellos e deputacións como dende a administración autonómica ou institucións estatais, e elixen as que mellor se adecúan á natureza do proxecto e ás necesidades da empresa cliente, cun obxectivo claro: maximizar o aproveitamento das axudas dispoñibles en beneficio do cliente.

A continuación, o servizo a empresas expón a **redacción de todos os documentos** necesarios para presentar a solicitude, incluíndo a memoria técnica e a memoria económica do proxecto. Ademais, durante o proceso de tramitación, un responsable de **R Empresas** realiza un **labor de acompañamento** próximo, resolvendo as dúbidas e incidencias que puidesen xurdir. Por último, o programa non se esquece de realizar todo o **inventario da documentación** para xustificar a subvención, así como de elaborar as memorias finais, como un paso máis dentro do proxecto.

En definitiva, as claves de escoita e acompañamento experto definen este Programa de Aproveitamento de Axudas Tecnolóxicas. Para contactar co equipo comercial neste ámbito específico, as empresas poden dirixirse a <https://www.mundo-r.com/gl/empresas/pemes/servizos-avanzados#programa-subvencions-tecnologicas>

Alianza con Merkatu

Esta iniciativa forma parte do rol asesor de **R** como aliado no proceso de transformación dixital das empresas. Para iso, ademais da tecnoloxía máis avanzada para solucións *Big Data*, IoT, Intelixencia Artificial, así como unha rede de *datacenter* próxima e segura, **R** dispón dunha **rede de alianzas** coas principais empresas referentes en cada sector. No caso da consultoría para axudas e subvencións tecnolóxicas conta coa colaboración de Merkatu.

Merkatu é unha consultora especialista dixital en estratexia, márketing e tecnoloxía, con 15 anos de experiencia e presenza en España e México. Está formada por un equipo de profesionais altamente especializados en solucións e aplicacións tecnolóxicas, estratexia dixital, *Big Data & Analytics* e *Data Driven Márketing*. Merkatu céntrase en acompañar as organizacións nos procesos de transformación dixital e en facilitar a implantación das tecnoloxías para obter os beneficios da dixitalización dende o primeiro momento.

comunicación R
prensa@mundo-r.net
R.gal